

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 10 DE XULLO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro ás vítimas do accidente ferroviario de Angrois, aos veciños do barrio compostelán e a todos os profesionais que participaron no dispositivo.
- Decreto polo que se aproba o Plan de emerxencia exterior de *Cepsa Gas Licuado*, S.A. en Maside.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos sobrantes da estrada autonómica AC-445 Cee-Fisterra, a prol do Concello de Fisterra.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Parada de Sil para execución do proxecto de recuperación da Casa de Chocolate de Teimende para convertela no Museo do Chocolate, por importe de corenta e catro mil catrocentos cincuenta e oito euros con catro céntimos (44.458,04 €).
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico: a Festa do Percebe do Roncudo de Ponteceso.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello da Rúa para a execución da obra de renovación de infraestruturas de abastecemento e saneamento na Rúa. 1ª Fase. A Rúa de Valdeorras (Ourense), clave OH.532.791, por importe de setecentos vinte e un mil cincocentos oitenta euros con cincuenta e sete céntimos (721.580,57 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat de Barcelona para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Università degli Studi di Roma "La Sapienza" para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Medio Rural e do Mar para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de catrocentos corenta e cinco mil novecentos sesenta e un euros (445.961 €).



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a adaptación e incorporación á sede electrónica da Xunta de Galicia dos procedementos administrativos de prazo aberto da Presidencia da Xunta e da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan de actuación para a regulación do uso público do monumento natural da Praia das Catedrais.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución de axudas de internacionalización 2014: Plan Primex e xestores de internacionalización.
- Informe sobre a resolución de axudas a proxectos de investimento empresarial: IG100-IG101.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe comparativo do sistema de información sobre listas de espera entre o Servizo Galego de Saúde e o Sistema Nacional de Saúde en 31/12/2013.



A XUNTA OUTORGA ÁS VÍTIMAS DE ANGROIS A MEDALLA DE OURO DE GALICIA 2014, QUE TAMÉN RECIBIRÁN OS VECIÑOS E OS PROFESIONAIS E VOLUNTARIOS QUE PARTICIPARON NO DISPOSITIVO

- ***A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 24 de xullo nun acto solemne***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, ás vítimas do accidente ferroviario de Angrois, aos veciños do barrio compostelán e a todos os profesionais e voluntarios que participaron no dispositivo. Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que será entregada o vindeiro 24 de xullo.

En homenaxe ás vítimas mortais e aos feridos na traxedia do 24 de xullo de 2013, así como en recoñecemento á implicación e á humanidade das persoas e colectivos que traballaron por Galicia, o Consello da Xunta acorda concederlles a máxima distinción da Comunidade Autónoma.

En primeiro lugar réndese homenaxe ás 79 vítimas que perderon a súa vida no accidente, os feridos e as súas familias. Do mesmo xeito, quérese deixar constancia do recoñecemento aos veciños de Angrois que tiveron un comportamento exemplar durante o accidente.

Así tamén, recibirán a Medalla de Galicia todas aquelas persoas que contribuíron a que funcionara o dispositivo como os bombeiros, os voluntarios de Protección Civil, o persoal de Emerxencias, do 061 e os profesionais do Colexio de Psicólogos de Galicia e da Cruz Vermella. Tamén se recoñece o labor dos axentes da Policía Local, da Policía Autonómica, da Policía Nacional e da Garda Civil, así como ao Instituto de Medicina Legal de Galicia polo seu labor de identificación de vítimas.

No eido sanitario, a Xunta recoñece o esforzo de todo o persoal sanitario da área de Compostela que atendeu ás vítimas, así como o papel fundamental dos traballadores do Centro de Transfusión de Galicia e da Federación de Doantes.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE EMERXENCIA EXTERIOR DE CEPASA GAS LICUADO S.A. EN MASIDE

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto polo que se aproba e publica o Plan de emerxencia exterior de Cepsa Gas Licuado, no concello de Maside.

O Plan de emerxencia exterior de Cepsa Gas Licuado, S.A. foi sometido a un período de información pública de 20 días hábiles, mediante Resolución do 8 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, posteriormente a Comisión Galega de Protección Civil emitiu informe favorable e foi homologado no mes de maio pola Comisión Permanente da Comisión Nacional de Protección Civil.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no artigo 33, relativo ao procedemento de aprobación e publicación, indica que lle corresponde ao Consello da Xunta, co informe previo da Comisión Galega de Protección Civil, a aprobación dos plans especiais. Todos os plans de emerxencias deben ser obxecto de publicación nos diarios oficiais pertinentes.

O pasado mes de xuño, o Goberno galego levou a cabo un exercicio de adestramento no que se simulou unha emerxencia por accidente na planta de Cepsa Comercial Petróleo, que consistiu na activación do Plan de emerxencia exterior (PEE), coa participación dos diferentes grupos operativos, a empresa e as administracións públicas implicadas para atender varios feridos a consecuencia dunha explosión de gas propano. En total participaron un cento de profesionais de emerxencias, como o Servizo Municipal de Protección Civil do Carballiño, voluntarios de protección civil do Carballiño e Ribadavia, a Policía autónoma, a Garda Civil, o Grupo de Apoio Psicolóxico en Catástrofes e persoal do 061, entre outros.

Así mesmo, fíxose soar a sirena, que no caso dunha activación real do plan serviría como elemento de aviso á poboación, que, como primeira medida, procedería o seu confinamento á espera de recibir instrucións por parte dos servizos de protección civil. A realización deste exercicio permitiu mellorar a coordinación dos organismos participantes e que a poboación da zona de Maside afectada por un hipotético accidente coñeza o son da sirena e sexa capaz de identificalo no caso de activación do PEE.

Política de prevención

O obxectivo dos plans de emerxencias é determinar os posibles riscos das instalacións industriais e ter preparada a resposta axeitada para minimizar as consecuencias en caso de producirse un accidente que poida afectar as persoas e ao ambiente, establecendo as medidas idóneas de protección á poboación, os recursos humanos e materiais necesarios para a súa aplicación e o esquema de coordinación das autoridades, organismos e servizos que poidan intervir. A realización dos simulacros, permite a efectiva



implantación dos plans e a súa mellora a través das experiencias obtidas no seu desenvolvemento.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO CORUÑÉS DE FISTERRA VARIOS TREITOS ANTIGOS DA ESTRADA AUTONÓMICA CEE-FISTERRA (AC-445)


- ***Estes treitos quedaron sobrantes tras a reforma da dita vía, polo que o municipio fisterrán solicitou á Consellería de Medio Ambiente a súa transferencia, coa finalidade de acondicionalos como espazos de lecer***
- ***O Concello de Fisterra deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o cambio de titularidade a prol do concello coruñés de Fisterra de seis treitos antigos da estrada autonómica Cee-Fisterra (AC-445), situados entre os núcleos de Fisterra e Sardiñeiro de Abaixo. Estes treitos quedaron sobrantes tras as melloras do trazado realizadas na dita vía a finais dos anos noventa, polo que o municipio fisterrán solicitou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a súa transferencia, coa finalidade de acondicionalos como espazos de lecer.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou proposta favorable á transferencia da titularidade dos seguintes treitos:

- ✓ Sobrante que ten o seu inicio no p.q. 8+165 da AC-445 e o seu final no p.q. 8+300, na marxe dereita da AC-445.
- ✓ Sobrante que ten o seu inicio no p.q. 8+683 da AC-445 e o seu final no p.q. 8+765, na marxe esquerda da AC-445.
- ✓ Sobrante que ten o seu inicio no p.q. 8+995 da AC-445 e o seu final no p.q. 9+083, na ME da AC-445
- ✓ Sobrante que ten o seu inicio no p.q. 9+870 da AC-445 e o seu final no p.q. 10+065, na MD da AC-445.
- ✓ Sobrante que ten o seu inicio no p.q. 10+115 da AC-445 e o seu final no p.q. 10+195, na ME da AC-445
- ✓ Sobrante que ten o seu inicio no p.q. 10+710 da AC-445 e o seu final no p.q. 10+815, na MD da AC-445.

O Concello de Fisterra deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización da entrega, que terá lugar no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do decreto de cambio de titularidade aprobado no día de hoxe.



Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas ou de treitos destas están regulados na Lei de estradas de Galicia. Deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é o órgano encargado de avaliar os cambios de titularidade.

TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PARADA DE SIL ASINARÁN UN CONVENIO PARA ACOMETER O PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA 'CASA DE CHOCOLATE DE TEIMENDE'

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración para recuperar a que foi a Fábrica de Chocolates Casares durante todo o século XX para convertela na futura 'Casa do Chocolate', que funcionará como museo***
- ***Nas instalacións ofrecerase un percorrido pola industria chocolateira do concello e a súa influencia na historia deste***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Parada de Sil cuxo obxecto é a execución do proxecto de recuperación da Fábrica de Chocolates Casares. Esta fábrica de chocolate funcionou durante o século XX e o obxectivo é convertela na futura 'Casa do Chocolate' e que funcione como museo para a promoción e divulgación dos recursos turísticos do Concello de Parada de Sil.

No museo ofrecerase un percorrido pola industria chocolateira do concello e a súa influencia na historia deste. Nas súas salas poderase amosar a maquinaria, os utensilios e os obxectos relacionados coa súa historia e o seu proceso de produción.

A nova infraestrutura potenciará as posibilidades turísticas deste concello enclavado na Ribeira Sacra e difundirá os recursos da zona vinculados coa industria.

Datos turísticos da Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra está a experimentar unha suba constante na cifra de viaxeiros e noites rexistradas nos establecementos hoteleiros da zona. Así, segundo os últimos datos feitos públicos polo Instituto Nacional de Estatística, os viaxeiros medraron en maio de 2014 un 25,2% respecto de maio do ano pasado e a cifra de noites rexistradas superou nun 31,8% as rexistradas no mesmo mes de 2013.

De igual modo, a estadía media subiu un 5,3%. Os viaxeiros nacionais no mes de maio medraron un 39,2% respecto dos recibidos en maio de 2013 e os viaxeiros estranxeiros medraron preto dun 15%.



O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DO PERCEBE DO RONCUDO EN PONTECESO

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia***
- ***Con esta declaración, a Comunidade conta xa con 104 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa do Percebe do Roncudo, en Ponteceso, que cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico, regulado no capítulo III do citado decreto, valoráronse por parte da Comisión de Valoración as solicitudes presentadas de acordo cos requisitos de antigüidade mínima de dez anos, singularidade e orixinalidade, así como o seu arraigamento popular e o seu valor cultural. Ao mesmo tempo, a Comisión ten en conta criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran a celebración e o coidado da contorna paisaxística, urbana e monumental.

A Festa do Percebe do Roncudo celébrase na primeira quincena do mes de xullo no concello de Ponteceso (A Coruña). É unha celebración que comezou hai 22 anos e foi a primeira festa do percebe que se celebrou en España. O arraigamento vai ligado á economía do pobo, xa que o percebe se converteu nunha das maiores fontes de riqueza da localidade de Corme. O valor cultural xira ao redor da figura do percebeiro e engade á manifestación culinaria as tradicións e os coñecementos que viran en torno a un oficio único.

A declaración comportará a súa inscrición autonómica no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con estas declaracións, a Comunidade conta xa con 104 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 721.000 EUROS NA RENOVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONCELLO DA RÚA

- ***Con esta actuación executarase a renovación da rede nas rúas A Noria, Progreso, Felgar, Aranaveca e rúa do Campo desta localidade ourensá***
- ***Con estas obras solucionaranse as numerosas avarías e continuos cortes de subministración que se veñen producindo nestas rúas***
- ***A realización destas actuacións hidráulicas mellorarán a calidade de vida dos máis de 4.500 habitantes desta zona***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello da Rúa para a execución da primeira fase da renovación de infraestruturas de abastecemento e saneamento na Rúa, concretamente nas rúas A Noria, Progreso, Felgar, Aranaveca e rúa do Campo.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un importe de 721.580 euros para a realización destas actuacións hidráulicas que mellorarán a calidade de vida dos 4.695 habitantes desta zona.

O Concello da Rúa dispón na actualidade de parte da rede de abastecemento renovada, pero hai rúas en que a rede é de fibrocemento, de pouca sección, que provoca numerosas avarías e continuos cortes de subministración.

Na rúa da Noria procederase a desmontar a instalación de bombeo, dotala de válvulas novas, carretes pasamuros, ancoraxes e reinstalación de bombas existentes, e protexela cunha caldeira antiarriete. Executarase unha nova rede de impulsión desde a estación de bombeo ata os depósitos xerais en tubaxe de fundición de diámetro 200 mm. A rede de distribución executarase en tubaxe de PVC, desde a cámara de conexión que se vai executar no exterior dos depósitos, ata a conexión coas redes existentes na rúa do Progreso (dúas conexións) e na rúa Circunvalación. Este trazado substitúe a actual tubaxe de fibrocemento.

Nas rúas Progreso, Felgar e Arnaveca tamén se substituirá a actual tubaxe de fibrocemento e executarase unha nova rede de distribución en alta en PVC. Na rúa do Campo proxectarase unha nova rede de distribución en alta en PVC.

A colaboración técnico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia con entidades locais en materia de obras hidráulicas correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia e regulábase polo Decreto 84/1997, do 10 de abril, derogado actualmente polo Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de



novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, e no que se establece a regulación urxente do procedemento de colaboración.



CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CON OUTRAS TRES UNIVERSIDADES PARA A PROXECCIÓN EXTERIOR DO IDIOMA EN MADRID, BARCELONA E ROMA

- ***Os acordos coa Complutense de Madrid, coa Universitat de Barcelona e coa Università degli Studi di Roma La Sapienza súmanse aos autorizados no último Consello da Xunta para as universidades de Birmingham, de Heidelberg e de Varsovia***
- ***A Xunta mantén unha rede de centros de estudos galegos que conta actualmente con 36 sedes noutros tantos campus de Europa e América***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Complutense de Madrid, a Universitat de Barcelona e a Università degli Studi di Roma La Sapienza para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. Desta liña de actuación hanse beneficiar preto de dous centos de alumnas e alumnos. Os novos acordos súmanse aos xa aprobados na reunión do Goberno galego para a University of Birmingham (Reino Unido), coa Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemania) e a Uniwersytet Warszawski (Varsovia, Polonia), de tal forma que a Administración autonómica vai renovando progresivamente os convenios ao abeiro dos que se mantén a Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia, que integra arestora 36 sedes noutros tantos campus de Europa e de América.

No marco da renovación destes acordos, as universidades asinantes daranlles continuidade ás actividades que veñen desenvolvendo para o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo. Ademais, impulsaranse actividades relacionadas coa investigación, coa promoción e coa difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Os convenios recollen tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar estas accións; así como a contratación do lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará na organización das ditas actividades.

A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes. Na actualidade, a Consellería de Cultura e Educación conta cunha Rede de Centros de Estudos Galegos con 36 sedes noutras tantas universidades de Europa e de América -28 das cales dispoñen de profesorado lector-, en universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas. Trátase de órganos de referencia



nestas universidades a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.



A XUNTA APROBA AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO DOS 22 CONSELLOS REGULADORES AGROALIMENTARIOS GALEGOS POR IMPORTE DE 445.000 EUROS

- ***Con estas achegas, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e na promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade***

A Xunta de Galicia impulsa a promoción dos alimentos de calidade e o seu consumo con axudas por un importe total de 445.961 euros destinadas aos gastos de funcionamento dos 22 consellos reguladores dos produtos agroalimentarios da nosa Comunidade. O Consello da Xunta aprobou hoxe estas subvencións destinadas a un sector fundamental para a economía galega.

Con estas achegas, que se conceden anualmente, contribúese ao desenvolvemento das funcións destas entidades clave no fomento e promoción da súa produción e no control de alimentos de calidade. Estas subvencións son de especial relevancia para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciación.

Na nosa Comunidade os produtos de calidade supoñen unha facturación anual duns 300 millóns de euros e implican case 30.000 explotacións agrarias –moitas delas de carácter familiar– e a 900 industrias. Os consellos reguladores son os organismos encargados da xestión destas producións, de velar polo seu prestixio no mercado e de difundir o seu coñecemento, o que repercute en beneficio de todos os cidadáns.

Nesta liña, resulta fundamental para a economía galega –e polo tanto para os cidadáns– manter e intensificar a asociación ‘Galicia/alimentos de calidade’ que existe nos consumidores do mercado español, na medida en que se dá valor á marca Galicia, o que ten indubidables efectos positivos.



A XUNTA CONTINÚA CO SEU PLAN DE AXILIZACIÓN ADMINISTRATIVA E INCORPORA PRETO DE 60 PROCEDIMENTOS NOVOS Á SEDE ELECTRÓNICA

- ***Son procedementos de prazo aberto ou indefinido tanto da Presidencia como da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza***
- ***A iniciativa, que se publicará proximamente no DOG, afondará no impulso das relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Administración e os cidadáns***

O Consello da Xunta informou hoxe da incorporación de preto de sesenta procedementos novos á sede electrónica <http://sede.xunta.es>, o que contribuirá a seguir afondando no impulso das relacións máis áxiles, simples e fluídas entre a Administración autonómica e o conxunto dos cidadáns.

Será a través dunha orde que nos próximos días se publicará no DOG e que desenvolve o Plan Achega 2014-2016, un plan de axilización administrativa -aprobado recentemente polo Goberno galego- que busca reducir cargas e tempos de tramitación a cidadáns e empresas e que culminará coa simplificación e mellora de máis de 900 procedementos administrativos.

Un dos eixes centrais deste plan é potenciar a sede electrónica mediante a incorporación da práctica totalidade dos procedementos administrativos que a Xunta pon á disposición da cidadanía. Con este fin creáronse grupos de traballo formados polos responsables dos procedementos en cada departamento, coordinados pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Entre as súas primeiras actuacións, estes grupos de traballo procederon á revisión de todos os procedementos de prazo aberto ou indefinido tanto da Presidencia como da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Como resultado deste análise, habilitaranse electronicamente 58 procedementos que ata o de agora non admitían a posibilidade de ser iniciados de xeito telemático.

Como alternativa tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos pola normativa vixente, agás en 16 procedementos, onde a sede electrónica se configura como a canle de uso obrigatorio para a presentación de solicitudes, por ter como únicas destinatarias as entidades locais.

Entre os novos procedementos que estarán dispoñibles na sede electrónica destacan, por exemplo, as inscricións no Rexistro de Colexios Profesionais, os permisos de apertura de bingos e casinos, as autorizacións para rifas e tómbolas, as inscricións nos rexistros de asociacións e fundacións de interese galego ou a declaración responsable do inicio de actividade de establecementos hoteleiros.

A partir de publicación desta orde, continuarase coa revisión polos grupos de traballo dos procedementos das restantes consellerías e procederase á súa adaptación e

incorporación á sede electrónica mediante novas ordes do vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuacións das cales se informará oportunamente ao Consello da Xunta de Galicia.

Plan Achega 2014-2016

O pasado 27 de febreiro a Xunta aprobou o Plan Achega, un plan que como o seu propio nome indica, pretende alcanzar o máximo grao de achegamento da Administración á cidadanía, a través dunhas relacións entre ambos máis simple, rápida e fluída; e grazas ao papel fundamental que xogan na actualidade as novas tecnoloxías e os medios electrónicos.

Os eixes centrais do Plan Achega son potenciar a sede electrónica da Xunta mediante a culminación da incorporación de todos os procesos administrativos á disposición do cidadán, a simplificación dos procedementos e a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade; é dicir, que non se lle pida presentar novamente ao cidadán documentos que a propia Administración poida obter directamente.



O CONSELLO DA XUNTA INFORMA DO INICIO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL DAS CATEDRAIS, EN RIBADEO

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas pretende ordenar o uso público para compatibilizar a conservación dos valores ambientais e o aproveitamento sustentable do recurso turístico***
- ***Medio Ambiente, nunha primeira fase, levará a cabo accións inmediatas para regular o uso público, mellorar a sinalización e a información e delimitar as sendas peonís***
- ***A tramitación do Plan de conservación implica dous procedementos administrativos como son a aprobación do decreto e a avaliación ambiental estratéxica, polo que o próximo verán estará aprobado polo Consello da Xunta***
- ***A praia de Augasantas, na parroquia da Devesa, é monumento natural desde o ano 2005. Ocupa unha superficie de 29 hectáreas, das cales 20 corresponden ao medio mariño***

O Consello da Xunta informou na súa reunión desta mañá do inicio da tramitación do Plan de conservación do monumento natural da Praia das Catedrais, na parroquia da Devesa, no concello de Ribadeo. Este espazo da mariña lucense converteuse nos últimos anos nun importante foco de atracción turística, polo que a presión dos visitantes, en períodos puntuais, representa un problema de superación da capacidade de acollida e, en consecuencia, un risco para a conservación dos hábitats e formacións xeolóxicas que motivaron a súa declaración.

O Goberno galego, coñecedor desta situación, formula unha proposta de actuación para a ordenación do uso público no monumento natural, que sexa compatible coa conservación dos seus valores ambientais e o aproveitamento sustentable do recurso turístico. Nunha fase a medio prazo, sitúase a elaboración do Plan de conservación das Catedrais, un instrumento de planificación que establecerá o réxime de usos e limitacións necesarios para a conservación deste monumento natural. Este documento será vinculante para as administracións públicas e particulares.

Nese sentido, definirá as normas de uso público do espazo ao regular a afluencia de visitantes e adecuación de accesos; e regulará o aproveitamento do solo e dos recursos naturais. Ao mesmo tempo, sinalará os riscos e as ameazas que debiliten a súa conservación, o que permitirá coñecer os valores que protexer, así como divulgar os valores naturais, xeolóxicos, culturais e paisaxísticos.

Actuacións inmediatas

O Goberno galego salienta que a aprobación do Plan de conservación debe valorarse como unha oportunidade de desenvolvemento das actividades económicas, vinculadas ao sector turístico e compatibles coa conservación dos valores ambientais. Non obstante, Medio Ambiente levará a cabo de xeito inmediato unha liña de actuación que



inclúe o reforzo da promoción e información, a mellora da sinalización e a delimitación de sendas peonís.

Deste xeito, evítase a alteración dos hábitats e especies protexidas pola acción das pegadas fóra das sendas habilitadas, así como por outro tipo de actividades, como os aparcadoiros irregulares ou os postos de venda ambulante non autorizada.

Estas medidas tamén facilitarán a conservación deste monumento natural ao minimizar a reactivación de procesos erosivos, que ao mesmo tempo constitúen un risco para a integridade física dos visitantes por mor de posibles derrubamentos.

Fases e tramitación do Plan de conservación

A previsión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é contar con este documento no próximo verán, polo que xa está a traballar no documento ambiental estratéxico, que se espera que estea finalizado no mes de setembro.

A tramitación do Plan de conservación implica dous procedementos administrativos como son a aprobación do decreto de aprobación do plan, que inclúe a fase de información pública e as audiencias aos interesados. Paralelamente, tramitarase a avaliación ambiental estratéxica. Este proceso prolongarase unha media de 11 meses e rematará coa aprobación do Plan de conservación nun Consello da Xunta.

Praia das Catedrais

A praia de Augasantas, coñecida popularmente como As Catedrais, sitúase no extremo oriental da provincia de Lugo -parroquia da Devesa- no concello de Ribadeo. Constitúe un magnífico exemplo do poder erosivo das ondas, das mareas e do vento sobre as lousas e xistos que conforman os cantís. As espectaculares formacións de arcos e furnas que dan nome á praia son reflexo dun proceso xeolóxico activo, que converteu o espazo nun reclamo turístico a nivel internacional.

Este enclave da mariña lucense obtivo a distinción de monumento natural en xaneiro de 2005 (Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro). Ocupa unha superficie de 29 hectáreas, das cales, 20 corresponden ao medio mariño.



A XUNTA MOBILIZA 110 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE 55 GRANDES PROXECTOS EMPRESARIAIS QUE PERMITEN CREAR OU MANTER MÁIS DE 4.200 EMPREGOS

- ***As axudas do Programa Galicia Investe priorizan a creación de emprego de calidade e contribúen á captación de investimentos internacionais, con proxectos promovidos por grupos empresariais de Alemaña, Francia ou Chequia***
- ***O Plan Primex 2014 impulsa a primeira implantación comercial de 71 empresas galegas en mercados como Brasil, México, USA, Colombia, Perú, Reino Unido, Senegal, Polonia ou Suíza***
- ***A estes apoios cabe sumarlles os do programa para a contratación de xestores de internacionalización, que permite contratar 57 especialistas en acceso a novos mercados a outras tantas empresas galegas***

A Consellería de Economía e Industria acaba de informar no Consello da Xunta da aprobación, a través do Igape, de 55 grandes proxectos encamiñados tanto á dinamización económica e á captación de investimentos estranxeiros como á saída ao exterior das empresas galegas. Estas iniciativas, desenvolvidas no marco dos programas Galicia Investe e Primex, mobilizarán 110 millóns de euros e crearán ou axudarán a manter máis de 4.200 empregos en Galicia, contando cun apoio público de 13 millóns de euros.

Neste contexto, o Programa Galicia Investe contribuirá, mediante 37 novos proxectos, á dinamización económica da Comunidade a través da captación de investimentos estranxeiros. De feito, entre os proxectos aprobados figuran iniciativas promovidas por grupos de capital alemán, francés ou checo, o que pon de manifesto que Galicia esperta o interese dos investidores internacionais.

O programa contribuirá á creación ou mantemento de máis de 3.300 empregos en Galicia e mobilizará máis de 105 millóns. Deste xeito, desde o 2009, o Programa Galicia Investe leva mobilizados preto de 700 millóns na procura da dinamización da economía galega, captando novos investimentos e vertebrando o territorio.

As iniciativas que acaban de ser aprobadas desenvolverán actividades industriais en eidos clave para a economía galega como o tecido auxiliar da automoción, a elaboración de produtos agroalimentarios, a fabricación de produtos de madeira e mobles, a fabricación de maquinaria ou a transformación de pedra natural. Na selección de proxectos, a Xunta primou a creación de emprego de calidade (especialmente de colectivos desfavorecidos), o carácter tecnolóxico do proxecto, o seu interese ambiental, a pertenza a un clúster ou o seu carácter innovador, entre outros criterios.



De xeito paralelo, continúa apoiando, a través do Plan Primex, a internacionalización do tecido empresarial galego, impulsando as primeiras implantacións comerciais de grupos de empresas galegas no exterior.

Neste sentido, o programa mobilizará máis de 3 millóns de euros en 18 proxectos conxuntos de cooperación que permiten unir esforzos, compartir custos e desenvolver estratexias de marca. Promoveranse así as primeiras implantacións comerciais de 71 empresas galegas nos mercados de Brasil, México, USA, Colombia, Perú, Reino Unido, Alemaña, Senegal, Polonia e Suíza.

A través deste plan, que contribúe ao mantemento de mil postos de traballo, téñense impulsado ata o de agora máis de 70 proxectos, nos cales participan preto de 270 empresas galegas que se están a implantar en 25 países.

Expertos en internacionalización

Neste contexto de apoio á internacionalización do tecido empresarial galego, a Consellería de Economía e Industria resolveu unha nova convocatoria da liña para a contratación de especialistas en internacionalización. O programa, dotado con 1 millón de euros, permite a contratación de 57 xestores expertos en internacionalización por outras tantas empresas e facilita o seu acceso a novos mercados.

Neste sentido, os apoios facilitan a contratación de especialistas en sectores de relevancia da economía galega como o agroalimentario, o metal, a maquinaria, a automoción ou as TIC.



O TEMPO MEDIO DE ESPERA CIRÚRXICA NOS CENTROS DO SERGAS É 13,8 DÍAS INFERIOR QUE NA MEDIA DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE

- ***No que atinxe á lista de espera de consultas, o tempo medio de espera nos centros do Sergas era, en decembro de 2013, 17,5 días inferior á media nacional***

O Ministerio de Sanidade publicou na súa páxina web a información de listas de espera do Sistema Nacional de Saúde (regulada polo RD 605/2003) e a súa evolución desde o ano 2004. Neste sentido, a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, presentoulles hoxe aos membros do Consello da Xunta un informe en que se amosa a boa evolución destes datos na nosa Comunidade Autónoma.

Segundo este sistema de información de listas de espera do Sistema Nacional de Saúde (SNS), o tempo medio de espera nos centros do Servizo Galego de Saúde era, en 31 de decembro de 2013, 13,8 días inferior á media do SNS, con 84,2 días en Galicia fronte a 98 da media nacional.

Ademais, tamén é inferior na Comunidade Autónoma a porcentaxe de pacientes que esperan máis de 6 meses por unha intervención. Neste caso, a diferenza é dun 23,6%. Estes dous indicadores mantivéronse en todo momento por debaixo da media nacional ao longo dos anos 2012 e 2013.

No que atinxe á situación da lista de espera de consultas, e segundo o mesmo sistema de información do SNS (regulado polo RD 605/2003), o tempo medio de espera nos centros do Sergas era, en decembro de 2013, 17,5 días inferior á media do SNS, con 49,5 días en Galicia fronte a 67 da media nacional.

Nas listas de espera de consultas, a porcentaxe de pacientes que deben esperar máis de 60 días é tamén un 22,2% inferior en Galicia, cun 30,3% no Servizo Galego de Saúde fronte ao 38,9% da media nacional.

Igual que sucede na lista de espera cirúrxica, estes indicadores amosan que as esperas no Sergas mantivéronse en todo momento por debaixo da media nacional ao longo dos anos 2012 e 2013.

